



O MAL XENIO

Tedes que entender que na miña cabeza reina a desorde e polo tanto neste relato tamén. Salto no tempo igual que os meus pensamentos viaxan entre as malas decisións tomadas no pasado e as inseguridades dunha vida futura. Esta historia relata o día que coñecín a Carlota pero para chegar ao momento exacto antes tedes que imaxinar a unha rapaza de 26 anos dentro dun traxe de oso. Un oso rosa, de case dous metros de alto. Un peluche xigante. Unha estrutura ancha e peluda.

Dentro deste traxe non vexo nada. Ole como o armario de mamá. Os furados para os ollos son desiguais, feitos coa tesoura de cortar as unllas do xefe de arte. Furados feitos a toda presa o primeiro día de rodaxe. *Os Osos Fantásticos* é a produción infantil na que traballo dende hai dous meses. Cando estudei interpretación pensaba en facer dramas íntimos que se proxectan nos circuítos aos que chaman "Festivais de Clase A". Nunca pensei que o oficio mais estable ata a agora sería habitar un peluche sucio en pleno verán. Non é cómodo camiñar con este armatoste. Esta mañá tirei os sándwichs dos bolseiros da pequena mesa do catering. Non vexo ben e non o podo quitar entre toma e toma, polo que o control sobre o meu propio corpo é un deporte de risco. Non podía tirar o sándwich do produtor, tiña que facelo dos bolseiros que non cobran un euro por formar parte deste circo. Sempre chamando a atención. Pero en fin, esa é outra historia.

Diante de min está o Oso Amarelo, interpretado por Luís. Luís é da miña promoción de interpretación. Di que ten método. Eu aínda non entendín o concepto. Fernando, o director, berra "Acción!" dende os monitores e eu regreso ao presente dende os meus pensamentos. Aos seus case sesenta anos, Fernando é diso ao que chaman neste oficio "Director da vella escola". Unha escola acostumada aos berros e a botar o fume do cigarro na cara das actrices. Non fai diferenza entre mulleres e material técnico. Considera ambas da súa propiedade. Luís di a súa frase e eu observo como podo ao Oso Amarelo a través dos buratos. Teño cada vez mais calor. Estou paralizada. Sinto como o traxe oprime o meu corpo.

E s p e r a u n m o m e n t o

A miña voz é un fío lánquido, pero non o suficiente como para que o micrófono non o capte. Escapan as palabras como escapa o fume do pitillo estático da man dun Fernando que saca os seus cascos e observa dende os monitores con desprecio. A axudante de dirección corta a escena e o equipo destensa a filmación. Saco como podo a cabeza de oso de enriba e pecho os ollos levantando a cabeza cara o ceo, desexando unha propulsión que me teletransporte a calquera outro lugar que non sexa este. Cos ollos pechados escoito os murmurios do equipo.

XIANA:

Espera. Un momento.

FERNANDO:

Xiana cariño, descansa un ratito. Si?

Entre a miña frase e a súa pasa un minuto. Antes da intervención de Fernando, o sonidista baixa a pértiga e busca aos auxiliares para recoller cable das pértigas. O director de fotografía, que tamén é operador, deixa caer unha pesada cámara que recolle ao voo o foquista. As queixas da script viaxan polos ocos dos edificios que rodean o parque do Vioño. Entre a miña frase e a súa pasa un minuto. Un minuto é pouco tempo para algunhas cousas pero para outras é unha eternidade. Pouco para xogar a un videoxogo novo. Pouco para bicar a alguen que che gusta. Moito para agardar unha resposta desexada. Moito para bicar a alguén que non che gusta.

Apoio a cabeza xigante de oso na miña cintura e trato de encher os pulmóns de aire. O meu cabelo está pegado á cara pola suor. A axudante de dirección discute con Fernando sobre min a poucos metros. Abro os ollos e observo o que fai o equipo. A maioría ten o teléfono na man, seguramente para conversar cunhas familias que teñen que lidiar coa decisión de que os seus parentes escolleran esta profesión como modo de vida. Rodar en exteriores sempre é un agobio. En calquera produción mover a un equipo fóra dun plató controlado semella por momentos a aventura dos hobbits na Terra Media. María, a sastra, achégase a min cuns algodóns para limpar a suor. Ese non é o seu traballo. O que ten que ver coa cara é terreo da maquilladora, pero María e eu temos confianza. Por xente como ela paga a pena este oficio. A miña boca forza un sorriso como agradecemento pero teño os ollos cheos de bágoas. Os ollos non poden mentir. Ela é respectuosa e fica calada, aprobando o silencio que preciso. Ás veces cando falo con ela penso que é a nai que nunca terei. María marcha ao mesmo tempo que chega Fernando. Coloca a súa man no meu ombreiro. Sen mirarme aos ollos e eu sen sentir o seu tacto polo grosor do traxe, di a súa frase:

X(S)iana - Cariño - Descansa - Un - Ratito - Si?

Marcha obrigando ao equipo a preparar a seguinte secuencia. Secuencia na que eu non aparezo. Collo a miña mochila e sen soltar a cabeza xigante, camiño uns metros ata chegar aos camións de produción do parking. Non sei se vou ser capaz de quitar o oso de enriba. Necesito respirar e este traxe vaime levar ao inferno en calquera momento. Xunto aos camións, un grupo de persoas desmontan un pequeno mercadillo veciñal. Calquera do equipo podería confundir os camións de produción co camiión do vendedor de bragas pero o mercadillo está mellor organizado que esta rodaxe polo que non hai dúbida por parte dos veciños do terreo de cada un. Séntome na rampa aberta do camiión de vestiario e penso en que teño mais dun problema coa frase de Fernando. O peor sen dúbida é a maneira coa que pronuncia o meu nome.

Para non seguir recordando o mal trago que pasei na última cea de rodaxe con Fernando na entrada do hotel en Compostela, busco o teléfono na miña mochila. Son as 15:45. Teño un correo da miña

representante despedíndose tras estes anos traballando xuntas, un SMS cunha oferta do 30% en Coru-Pizza e unha mensaxe da miña nova compañeira de piso, á que aínda non memoriceí na axenda do teléfono. A rapaza chega mañá, así que supoño que a mensaxe non é urxente. O fondo de pantalla é de cores vivas que bailan entre os rosas e vermellos. É unha fotografía de Bestiah, unha das participantes da última tempada de Drag Race España. A temática do traxe son as chucherías. O rosa da fotografía é semellante ao rosa do traxe de oso o día que comezamos a rodar. Hoxe está sucio e non é tan brillante. Penso que noutra vida terei ideas tan boas como as drags ás que admiro e tamén penso en Patricia, coa que vin as dúas tempadas do programa. Todos os domingos no sofá, xuntas. Non perdiamos un capítulo. Era como a nosa misa dos domingos. Penso moito. Penso de mais como sempre. Penso en que debería escribir ao chegar a casa porque teño a cabeza chea de pensamentos intrusivos que non me deixan estar no presente como aprendín en terapia. Creo que escoller interpretación como estudos non foi a mellor idea. Ás veces creo que coa escritura sería mais libre. Na pantalla vexo tanta cor que penso que nada tras o contrasinal de desbloqueo vai estar mal. Pero non. Quizáis por iso o de interpretación. Quizáis foi por unha necesidade constante de ser outra persoa, de tomar mellores decisións en vidas alleas. Patricia aínda non respondeu a miña mensaxe.

Aínda.

Aínda porque no fondo desexo que o faga nalgún momento. Xa non me quere, penso. Sempre remato en situacións imposibles coma esta. Sempre pillada por quen non está dispoñible.

Miguel, un dos bolseiros que se quedaron sen sándwich esta mañá pola miña culpa, aparece para sacarme da miña cabeza. Pregunta se quero un café e sen dubidar digo que si. En realidade o que quero é estar soa e seguir afogada polas miñas pantasma, pero deixalo sen almorzo é un martirio para a miña culpa constante contra min mesma e non quero ser maleducada. Miguel marcha e eu abro a conversa con Patricia no teléfono. Paralizada coa mirada perdida nalgún punto da pantalla do teléfono, a miña cabeza pasa a ser un campo de batalla de pensamentos cruzados, lanzados a propulsión con frechas dunha parede a outra do cerebro. Pistoletazo de saída que da comezo a unha guerra creada por min mesma na que o mal xenio pisa con forza o meu interior e a temperatura medra moi por enriba da que xa tiña co traxe posto. O dedo pulgar dereito viaxa polo teléfono entre fotografías, recordos, textos, redes sociais e algún vídeo viral que por algunha extraña razón, o algoritmo pensa que é para min. E de súpeto, estou enfadada coa situación de non ter o que quero coa rapaza da que estou namorada. De novo un toxo, que diría o meu pai. O traxe apreta a miña man, o pescozo e os nocellos. Unha nova mensaxe da nova compañeira de piso interrompe este tormento. Non quero falar agora. Bloqueo a pantalla do teléfono ao mesmo tempo que chega Miguel co café asqueroso do catering. Doulle as gracias cun sorriso falso deses que aprendín na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Cambio o rostro para convertirme nunha desas actrices amables das que os bolseiros falan aos seus pais en casa. Para a miña sorpresa, Miguel

senta comigo na rampa elevada do camión. Non quero falar pero a educación e moral cristiá pode comigo. Interésome pola súa experiencia en Comunicación Audiovisual e nas prácticas de rodaxe. Pregunto polos seus gustos cinematográficos e oculto a miña pasión por *El Rey León* ensalzando a importancia nacional e internacional do *Novo Cinema Galego*. Recomendo que vaia ao festival de contidos dixitais de Carballo, o *Carballo Interplay*, e compartimos os instagrams para falar sempre que o precise. Sempre queda ben compartir as redes sociais. Trato de ser a mellor versión de min mesma. Tras un silencio incómodo, Miguel murmura algo que non chego a entender. Repite coa cabeza baixa e voz mais alta que “rematei”. Respondo tranquila que mellor para min que así aproveito a tarde e vou a ioga. Unha boa mentira para que tamén comente cos seus pais que son unha actriz que coida corpo e mente. Para a miña sorpresa, Miguel non se move. Emprego o silencio para pensar outra vez na última vez que estiven con Patricia na discoteca Búnker. Por sorte ou por desgracia, Miguel detén o arranque dos meus pensamentos intrusivos, que comezaban a ser musicais lembrado as cancións que bailabamos xuntas. Miguel repite que rematei. E recalca que rematei rodaxe.

Isto si que non estaba nos meus plans porque quedan sete capítulos e iso é mais dun mes de traballo. Tal e como pon no meu contrato. Penso que agora que deixei a representante porque cobraba De mais, non sei con quen falar sobre este problema. Miguel interrompe de novo o meu silencio cun:

- Lo siento mucho Xiana -

Miguel é de Madrid, está en Galicia para facer as prácticas do grao porque o seu tío é un coñecido fotógrafo amigo da produtora. Fala galego porque quere facer vida aquí pero esta frase, non sei aínda por que, non a conseguiu dicir en galego. Miguel marcha e os veciños do mercadillo tamén. E eu sigo dentro do oso reflexionando sobre o que acaba de acontecer. Deixo atrás o camión e camiño uns metros para observar o set de rodaxe onde continúan a filmación. Agora o Oso Amarelo está co Oso Azul e con Mamá Oso. Fan unha escena patética. Todo nesta rodaxe é patético. Pero hai que comer, que diría o meu pai. Fernando sorrí dende o combo co seu pitillo estático na man. Vexo sen ser vista. Tremo, e non de frío exactamente. Sen saber como, chego ata os monitores onde Fernando observa a través de dúas pantallas as dúas cámaras de rodaxe. Fernando di algo, que non chego a entender, porque na miña cabeza todo está misturado e de súpeto teño a todo o equipo cos ollos sobre min. O equipo aplaude. O eco das palabras da axudante de dirección chaman a atención dos últimos veciños do mercadillo.

- Un aplauso para Xiana, que rematou hoxe con nós -

Nas rodaxes hai unha estraña tradición de aplaudir cada vez que alguén remata rodaxe. É como unha festa á despedida. Un rito narcisista nun sector egocéntrico. Sen dicir palabra, dou media volta e camiño ata a rampa do camión onde recollo a cabeza de Oso Rosa. Poño a cabeza enriba da miña

e comezo a camiñar deixando atrás o parque do Vioño. Dende aquí ata chegar a casa, a miña cabeza é un carrusel de feria barata na que diferentes voces comezan a galopar e xirar, e discutir e golpear, e bater e martelar e percutir e petar con absolutamente todos os recunchos da miña cabeza baixo o titular “DESPEDIDA”. A carreira ata a meta que é a miña casa é algo así:

Atraveso o parque do Vioño e subo Ronda de Outeiro, atallando por Cardenal Cisneros ata chegar a Ronda de Nelle. Entro no parque de Santa Margarita porque xa que a cousa vai de animais, polo menos aproveitar o hábitat verde coruñés. Os señores que xogan á petanca apartan por un momento a mirada da faena e collen os seus teléfonos para facer fotografías que ensinarán aos seus fillos e esposas ao chegar a casa. Cada fotografía expulsa un son ensordecedor que se introduce pola cabeza de oso, viaxa ata a miña orella e entra con forza ata o meu tímpano para golpear a unha Xiana cada vez mais pequena. Deixo atrás o Palacio da Ópera e chego a casa, na rúa Historiador Vedía. O edificio non ten ascensor e as escaleiras son estreitas, o grosor do traxe cabe ben xusto. Subo ata o terceiro piso coa sorte de non atopar a ninguén que queira baixar porque sería un verdadeiro problema de marcha atrás. Na porta da casa rebusco na mochila as chaves. Entro e pecho a porta. Non podo evitar montar unha desas escenas na que a protagonista chega angustiada a casa, deixa caer as cousas na entrada e corre directa ata o cuarto para precipitarse boca abaixo na cama. Tendo en conta que levo o traxe todo ten un toque mais clown. A barriga do traxe non me deixa afundir a cabeza na almofada todo o que me gustaría, polo que fago un xiro imposible para poñerme boca arriba. Dentro do traxe caen as bágoas por ambos lados da cara, a miña respiración está axitada. Lembro que teño que chamar á caseira polas humidades da esquina do baño e pola cisterna que fai moito ruído. Pecho os ollos pero a veciña xa comezou as obras porque son máis das catro polo que tampouco vai ser posible durmir. Teño que pedir o paro pero non sei cantos días teño cotiazos. Dou un berro para tratar de calmar a miña angustia e fico en silencio uns minutos.

Soa o timbre da porta de abaixo. Nin un respiro para alimentar o meu drama. Fago como que non escoitei pensando en que será publicidade ou a entrega dun dos libros de autoaxuda que merquei para deixar no montón sen ler da mesiña de noite. Decátome de que teño o teléfono na man dende o parque do Vioño. Desbloqueo a pantalla que observo a través dos furados da cabeza. Mensaxes infinitas no grupo das miñas amigas mandan enlaces a tweets preguntando se son eu. Érgome e fico sentada enriba da cama. Desbloqueo a pantalla e vou directa a Twitter.

Trending Toppic: *Un oso rosa berra e chora polas rúas de A Coruña.*

Atópome con infinidade de vídeos dun oso rosa correndo e berrando a través das rúas da Sagrada Familia e o Parque de Santa Margarita. Chego a tweets da produtora facendo mención a miña conta persoal na que denuncian o roubo do traxe. Non o podo crer. Teño moita calor. Collo un coxín ao que golpeo con forza incesantes veces mentres berro e insulto a absolutamente todo o que se me pasa pola cabeza.

Soa de novo o portal. Camiño ata a o telefonillo sen deixar de ver memes do Oso Rosa que a verdade, son bastante graciosos. Abaixo non responde ninguén. Seguen chamando. Teño estropeada a cámara polo que non sei quen é. Chaman continuamente. Sen parar. Todo mal. Paran. De súpeto teño cincuenta seguidores novos que envían mensaxes de ánimo pola acción do roubo nunha produtora que non paga por convenio. Unha nova mensaxe de Whatsapp dun número que non teño gardado chama a miña atención sobre os tweets.

16:15h | Ola Xiana! Estás na casa?

Merda. Hai un mes comentei coas miñas amigas que estaba pensando en alugar o cuarto da miña casa. Preciso os cartos e despois de cinco vermús pensei que era boa idea. A miña amiga Esther xusto tiña unha colega que precisaba o cuarto durante este mes. Eu nese momento pensei que era unha moi boa idea. Ao día seguinte coa resaca por suposto que non me gustou tanto a idea. Á semana seguinte Carlota escribíume e eu, aparentemente encantada, dixen que por suposto contase co cuarto libre do meu piso. Leo as mensaxes que enviou mentres eu traballaba.

12:10h | Ola Xiana! Perdoa que moleste, finalmente chegarei hoxe!

15:44h | Estarás na casa en dúas horas? 😊

16:02h | Xiana?

16:15h | Ola Xiana! Estás na casa?

Son a peor persoa do mundo. Achégome ao telefonillo e pregunto por Carlota pero abaixo non responde ninguén. Penso en que teño que falar de moitas cousas que non funcionan nesta casa coa caseira. Pecho a porta da casa e baixo as escaleiras o mais rápido que podó ata chegar ao portal.

Fóra, a escasos metros na estrada dándome as costas, hai unha rapaza co pelo castaño recollido nun moño frouxo. Ten posta unha camisa rechamante de moitas cores e un pantalón negro de ciclista que apenas se ve polo longo da peza superior. As súas zapatillas New Balance brancas desgastadas caen baixo uns calcetíns altos que teñen un debuxo de Nevadito, o can de Shin Chan. Penso no divertida que parece pola roupa. Ten na man o seu teléfono, onde imaxino que ten anotada a dirección da rúa que lle pasei no seu momento. Observa os edificios elevados sobre ela. Digo o seu nome dende o portal pero non responde. Penso en que terá os cascos postos. Camiño ata ela e a

porta do portal queda pechada nas miñas costas. Toco o seu ombreiro mentres pregunto por Carlota. Vírase. Observo as súas orellas cheas de aros prateados de diferentes tamaños sen cascós. O seu sorriso ilumina a súa cara. Pido perdón repetidas veces ante o que ela fai negacións coa cabeza e coas mans como se non pasara nada. Non fala. Fai un xesto cara o meu traxe e eu digo que é unha longa historia, que suba e xa lle conto. Vírome pero ela agarra o meu brazo. O seu dedo índice viaxa dende a súa orella ata a súa boca para rematar cunha negación coa man. É xorda. Ok. Vale. Penso.

1º A ver como lle conto o tema do traxe.

2º Hai uns meses as miñas amigas fixeron un curso de lingua de signos.

Eu non porque preferín gastar os meus aforros en viaxar a Lanzarote. Mala idea.

3º Teño que responder xa para que non pense que son imbécil.

Nerviosa e sen saber como facer comezo a xesticular coas mans intentando comunicar que non se preocupe. Subo os pulgares cara arriba, como o símbolo do botón de like de Facebook. Ela sorrí e eu penso o ridícula que son. Fago un xesto para que veña comigo e camiño ata o portal onde vexo o meu reflexo no cristal. Paralizada, lembro que non baixei as chaves. Dándolle as costas a Carlota penso en todo o que fixen ata baixar e na imaxe das chaves no chan da entrada. Penso en que a miña amiga Esther sempre dí que teño que deixar unhas chaves na súa casa por se pasan estas cousas. Penso que Esther por momentos é insoportable. Tamén penso que non me dixo que Carlota é xorda. Pero esa é outra historia mais que contar noutro relato. Maldita Esther. Sempre pensa que o sabe todo. Que enfadada estou. No cristal observo a Carlota, que non entende nada e fago un xesto coas mans de abrir unha porta. Despois nego coa man. Para a miña sorpresa, entende ben o que significa.

Non podo evitar romper a chorar. Sento o cú peludo na beirarrúa. Afundo a cabeza entre os xeonllos e choro. Os pés de Carlota camiñan ata min. Senta ao meu carón e eu imaxino de novo esta escena dende fóra. Leva as súas mans ás miñas e levanto a cabeza. Por sorte non ve a miña cara chea de bágoas, nin escoita a miña respiración axitada. Pregunta cun xesto se estou chorando dentro do traxe e afirmo coa cabeza. Apreta con forza as miñas mans. Ela está fría e ten a pel seca e eu teño as mans quentes e húmidas, polo que a fusión das catro mans é estraña. Toca as miñas mans e tira das mans cara ela. Eu entendo que é para xirar o meu rostro cara o seu. Eu xiro. A través dos buratos podo observala. Fai o xesto de quitar a cabeza. Eu nego pero ela repite o xesto e engade un porfavor coas mans.

Penso no estraña que será a situación para ela e tamén que en ningún momento borrou o sorriso da súa cara. Quito a cabeza de oso. Sigo co pelo suado sobre a pel. Ela sorrí e leva a súa man á boca. Fai voar a súa man dereita como enviando un bico e nos seus beizos podo ler un “Eres guapa”. Avergoñada pola situación, pídlle perdón da forma que sei, con ambas mans pegadas xunto ao

peito como a Virxe. Ela comeza a mover os brazos e as mans tratando de comunicarse comigo pero non son capaz de seguir o seu ritmo. Saca da súa mochila unha pequena libreta onde escribe disculpándose por chegar antes de tempo. Dígolle que non é molestia. Tras un silencio no que non sei que dicir, síntome agotada. Menudo día.

Ela escribe de novo na folla. “As chaves?”. Pregunto se ten o teléfono de Esther e ela responde se é a Esther que coñecemos. Para referirse a Esther fai un xesto sobre o seu pelo, movendo a man dereita como as ondulacións dos rizos. A min faime graza o xesto e repito como un mimo. Explicame que na lingua de signos os nomes das persoas son asociados a xestos da propia personalidade ou da estética da persoa. Dime que o pelo de Esther é rizado. Pregunto cal é o seu nome e leva os seus dedos índice e corazón á boca. Colocados sobre os beizos, coma se agarrase un cigarro imaxinario, mira para mi e sorri. Fago o xesto dun chisqueiro coa man e Carlota pon cara de noxo. Non ten nada que ver co tabaco o seu signo. Leva a man ao chan e pon a palma perpendicular á estrada. Refírese a que ten ese nome dende cativa. Escribe na libreta que de pequena só tiña dous dentes. As dúas rimos e sinto por primeira vez en todo o día que os meus pulmóns recollen o aire que preciso. Pregúntame cal sería o meu nome en lingua de signos. Sen deixar tempo para pensar, aparta a libreta e leva as mans á cabeza. Fai a forma de dúas orellas de oso. Non necesito a libreta para entender iso. Despois de facer o xesto da orella, viaxa co seu índice dende a fronte ata o queixo nunha liña recta, como partindo a cara en dous. “Oso Rosa” di coa boca. Lembro os tweets pero ela non da tempo a que caia nas profundidades dos meus dramas porque rápidamente está de pé facendo xestos para comezar a camiñar. Entendo que se refire a tomar algo e respondo que non teño diñeiro levando as mans aos petos do oso e sacando por fóra as fundas interiores. Non parece que iso sexa importante para ela. Fai un xesto rápido que non entendo. A miña cara deixa claro que necesito unha repetición. E ela repite, pero non hai maneira. Colle a libreta do chan e escribe “San Xoán”.

Dende que vivo na Coruña aínda non fun as fogueiras de San Xoán. Nin ao Atlantic Pride. Nin a ningún plan organizado polas miñas amigas no que beber e bailar é motivo de reunión. Estar en lugares cheos de xente é complicado para min porque non podo pensar o suficiente nos meus problemas e a introspección é complicada. Carlota chama a miña atención tocando repetidas veces a palabra escrita na libreta co bolígrafo. Camiña ata min de novo e queda de pé diante de min. Saca do seu peto o teléfono e busca o contacto de Esther. Dalle a chamar e coloca o teléfono na miña orella. Eu recollo o teléfono e rozo a súa man coa súa. Esther responde. Carlota fica de pé a pouca distancia de min. Cántolle a Esther o que sucedeu e ela di que non está agora na cidade que foi a Vigo a ver aos seus pais, que chegará en tren tarde para as fogueiras. Quedamos na praia ás nove. Un silencio inunda a escena. Un silencio grande, pesado, invasivo como a marxe en branco que se deixa para escribir un folio. Estou agotada. Non podo mais. A miña cabeza comeza a escurecer de novo.

Agáchase unha Carlota curiosa que non solta a miña atención en ningún intre. Agarra con forza de novo as miñas mans e sen dicir palabra eu recibo todo o que está pensando. Tira de min con forza. As dúas de pé e a cabeza de oso rosa no chan. Ela sorri e comeza a camiñar. Déixome levar porque non solta a miña man. Dende ese momento ata a fogueira todo pasa moi rápido. Lembro que un minuto pode pasar lento ou rápido dependendo das circunstancias e das persoas. Pasamos a tarde tiradas na praia de Riazor, agardando pola caída da noite. Nenos e nenas piden fotografías comigo. Ao comezo non poso pero a medida que se suman os nenos fago posturas graciosas que aprendín hai dous anos nun curso de clown. As risas dos nenos e a de Carlota son unha batería que consegue encher a miña cabeza doutras imaxes e alonxar as pantasma que habitaron nela durante o día de hoxe. A xente comeza a chegar e os grupos de familias e amigos colocan as súas fogueiras por toda a praia.

E sen ser consciente de como, pasa o tempo e eu sinto menos presión co traxe. A mobilidade nas mans é cada vez mellor e agora xa non é agobio estar aquí dentro senón tranquilidade por estar protexida. Coa caída do sol chegan tamén Esther, as miñas claves de reposto e mais amigas coas que preparamos a nosa propia fogueira. Todas rin coa historia do meu traxe e eu penso que non está tan mal isto de San Xoán se estou coas persoas coas que quero estar.

Facemos a nosa propia fogueira e todas tiraran libretas e notas ao lume para deixar paso a unha nova etapa. Carlota tira o libreto da autoescola porque conta que tardou cinco anos en sacar o carnet de coche, que foi realmente complicado para ela. Celebramos cada elemento que cae ao lume. Cando chega o meu turno eu non sei que tirar. Todas comezan a falar en grupitos e Carlota fica observando para min. Co seu sorriso característico, agarda en silencio a miña resposta. Deixa todo o tempo do mundo para que eu chegue á conclusión.

Que arda o Oso Rosa.

O pelo arde ante os berros e risas do grupo. O traxe, agora en chamas, arde iluminando o círculo no que estou coas miñas amigas. Todas aplaudimos en lingua de signos. Berro ao ceo. Ao liberarme do disfraz, sinto como se deixara atrás unha parte de min mesma que xa non preciso. Tamén penso que dende o mal xenio nacen moitas cousas boas. Carlota está xunto a min observando o ceo. Miro para ela e ela para min.

Abrazámonos mentres o Oso Rosa arde ás nosas costas.